

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. Curso 2023-2024.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Establecerase para cada materia pendente, Ciencias Aplicadas I FPBI; Física e Química de 2º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato un plan de recuperación, consistente na resolución guiada e pautada de problemas e cuestións sobre os contidos da programación impartidos durante o curso anterior, da que se fará un seguimento, e unha proba de recuperación.

O departamento convocará ó alumnado coa materia pendente, nas primeiras semanas do curso, a unha reunión na que se lles explicará o plan de recuperación.

As porcentaxes coas que contribúe cada parte do plan de recuperación á nota da materia pendente indícase no seguinte esquema:

$$\text{PLAN DE RECUPERACIÓN} \left\{ \begin{array}{l} \text{Seguimento 40\%} \\ \text{Proba de recuperación 60\%} \end{array} \right\} \left\{ \begin{array}{l} \text{Traballo e participación 10\%} \\ \text{Realización e entrega de tarefas solicitadas 30\%} \end{array} \right.$$

A materia pendente quedará superada se a nota do plan de recuperación é cinco ou máis de cinco puntos. Unha vez superada a materia, se na nota obtida o primeiro número decimal é cinco ou máis de cinco, esta redondearase ó enteiro máis próximo.

Distínguense dous tipos de alumnado:

- Alumnado da ESO ou de FPB matriculado en materias do departamento no curso actual:
 - a) *Seguimento do plan de recuperación*: farao o profesor/a da materia do presente curso na propia aula.
 - b) *Proba de recuperación*: a nota da proba de recuperación coincidirá coa nota media das probas específicas do trimestre do presente curso sen que o alumnado teña que facer unha proba adicional. Para o cálculo desta nota, tomaranse os datos cuantitativos obtidos para o cálculo da nota trimestral e non a do boletín informativo trimestral.
 - Se a nota media das probas escritas en algún trimestre é inferior a cinco puntos fará unha proba de recuperación sobre os bloques de contidos correspondentes a ese trimestre do curso pendente (60 %).
 - c) *Nota da materia pendente*: a nota final da materia pendente será a media das notas trimestrais do plan de recuperación.
 - Se o alumno quere máis nota, a nota correspondente ás probas de recuperación (60%) será a obtida nunha proba de toda a materia pendente que se realizará antes da avaliación ordinaria.

➤ Alumnado da ESO non matriculado en materias do departamento no curso actual e alumnado de bacharelato:

a) *Seguimento do plan de recuperación*: farao a xefa do departamento, nun horario consensuado entre o profesorado e o alumnado. As datas do calendario de seguimento estableceranse nas primeiras semanas do curso e serán facilitadas ó alumnado coa materia pendente e simultaneamente ó titor e a xefatura de estudos. Nesta reunión farase a entrega dunha serie de exercicios e cuestións semellantes ós que terá que realizar na proba de recuperación, así como a temporización dos mesmos no calendario de seguimento.

- O alumnado deberá asistir obrigatoriamente ás sesións de seguimento do plan de recuperación (10%).
- O alumnado deberá traer resoltos os exercicios (en boas condicións de presentación) correspondentes a esa sesión de seguimento e demostrar que sabe facelos, ou no seu defecto, as dúbidas que impediron a súa resolución (30%)

b) *Proba de recuperación*: facer unha proba de recuperación a finais de cada avaliación (60%).

c) *Nota da materia pendente*: a nota final da materia pendente será a media das notas trimestrais do plan de recuperación.

d) *O alumnado que non supere a materia co plan de recuperación*: terá dereito a realizar unha proba no mes de xuño, e tratará sobre os contidos da programación impartidos durante o curso pendente. A nota final da materia pendente será a nota obtida nesta proba.